

PROPOSTA PEDAGÓXICA

ARQUITECTURA POPULAR -I-



Patrimonio e rehabilitación

S e r i e



Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Xavier Álvarez Campos**

Coordina **Centro de Cultura Popular
“Xaquín Lorenzo Fernández”**

RAIGAME

Apdo. 484

Telf/fax: 988 249493

32080 - Ourense

e-mail: escdanza@depourense.es

www.depourense.es

Texto **Fernando Rodríguez Nespereira**

Ilustracións **Gilberto Rodríguez Nóvoa**

Deseño e Maquetación **Centro de Cultura Popular
“Xaquín Lorenzo Fernández”**

Edita



Impresión **Imprenta da Deputación de
Ourense**

Dep. Legal

Todos os dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.



LIMIAR

A arquitectura popular forma parte esencial da cultura e tradición do noso pobo. Nestes momentos en que a evolución da sociedade propicia cambios globalizadores vertixinosos consideramos imprescindible asentar uns principios básicos, inamovibles que preserven e defendan o noso patrimonio contra esta marea que nos asoballa.

Dende fai algúns anos estase a loitar, por parte de moitos estamentos públicos e mesmo privados, contra a ola de “feismo-construtivo” que chegou até o máis apartado rincón da nosa xeografía, mutilando e en moitos casos destruindo unha parte importantísima do noso patrimonio como é a nosa arquitectura popular. Debemos xuntar todos os esforzos que poidamos para paliar este cancro que estamos a padecer desde hai moitos anos.


Fanse necesarias políticas axeitadas por parte da administración que impidan esta debacle patrimonial, unha política integradora na que poida convivir o tradicional coas novas tecnoloxías de xeito que se preserve a paisaxe galega e a súa propia idio-

sincrasia. Mais compre así mesmo, facer un traballo de información e concienciación, a todos os niveis, para acadar a imprescindible colaboración de toda a sociedade galega.

Entendemos que este traballo debe comezar pola base. Debemos concienciar e informar aos nosos nenos e nenas da importancia da arquitectura popular. Debemos formalos para que coñezan, repecten e amen o noso patrimonio motivándoos para que traballen arreo e loiten pola súa conservación.

Poñemos a disposición de todos os colexios e profesores interesados estas propostas pedagóxicas cunha información básica e sinxela encamiñadas a mentalizar aos nosos alumnos da situación de declive en que se atopa esta parte moi importante do noso patrimonio cultural e da necesidade de que toda a sociedade colabore neste arduo pero apaixoante traballo de conservación e protección da nosa RAIGAME.

Centro de Cultura Popular
“Xaquín Lorenzo Fernández”



PATRIMONIO E REHABILITACIÓN

Entendemos por Arquitectura Popular a forma de ordenación e construción que se fixo -fundamentalmente no medio rural- froito da experiencia e tradición dos oficios artesáns, transmitida a través do tempo e empregando materiais autóctonos.

En contraposición con este tipo de saber arquitectónico temos a arquitectura culta, (relixiosa ou monumental) na que un experto, mestre de obras ou arquitecto, proxectaba e dirixía a obra con grandes pretensións, ao longo de moitos anos coa colaboración doutros artistas e artesáns especializados como escultores, pintores, orfebres, etc.

***Entendemos por
Arquitectura Popular a
forma de ordenación e
construción que se fixo -
fundamentalmente no
medio rural- froito da
experiencia e tradición
dos oficios artesáns,
transmitida a través do
tempo e empregando
materiais autóctonos.***

A arquitectura popular conséguese como resultado de conxugar dunha forma práctica e sinxela a necesidade do individuo de buscar un asentamento estable para poder vivir e relacionarse cos demais, de dispor de locais para almacenar os produtos do campo, así como alpendres e cortes para gardar a ferramenta e o gando. Todas estas edificacións son feitas polo propio campesiño e a súa familia coa axuda e a colaboración dos artesáns da zona, resolvendo os






***A arquitectura popular
está moi ligada aos factores
humano, agrícola e gandeiro
de tal xeito que as variacións de
ordenación, asentamento, tipo-
loxía e forma de construción
están condicionadas dun xeito
definitivo polo tipo de vida
agrícola do campesiño
e o medio no que se
desenvolve.***

factores humano, agrícola e gandeiro de tal xeito que as variacións de ordenación, asentamento, tipoloxía e forma de construción están condicionadas dun xeito definitivo polo tipo de vida agrícola do campesiño e o medio no que se desenvolve.

O tipo de agricultura varía duns lugares a outros, en función da composición da terra,



problemas técnicos ao igual que noutras edificacións do mesmo entorno, cuxos resultados a nivel práctico e funcional están sancionados pola experiencia de moitos anos, creando así unha tipoloxía determinada en cada área en función dos cultivos e do clima.

A arquitectura popular está moi ligada aos

o clima e o emprazamento entre outros factores. Do mesmo xeito é normal que a arquitectura popular, -aínda que a nós nos pareza semellante- varíe duns lugares a outros, influíndo tamén os materiais utilizados, os costumes e as tradicións.

Por esta razón, resulta normal atopar grandes diferenzas na función e tipoloxía da



PROPOSTA PEDAGÓXICA: ARQUITECTURA POPULAR

vivenda rural da casa galega, desde a casa mariñeira de alegre colorido, aberta e soleada, pasando pola casa de montaña de construción austera, pequenos ocos na fachada, pequenas galerías orientadas ao sur, abrigadas unhas casas contra as outras ao resguardo dos ventos, ou a casa da ribeira con balcóns, corredores, solainas, terrazas e patios -nos que se fai a maior parte da vida doméstica-, diferenciada ademais polas construcións auxiliares adosadas ou ailladas nas que se ubican as cortes, adegas, canastos, airas ou parrais, segundo o cultivo dominante.

A cultura do viño trae como consecuencia construcións rurais como adegas, lagares e parrais. A cultura do pan a construción de airas, canastos, muiños, fornos, etc. Mais


non son soamente arquitectura popular as construcións domésticas individuais senón que tamén debemos destacar as construcións comunais como petos de ánimas, cruceiros, capelas, pasais, pontóns ou fontes.

Todo este tipo de construcións constitúe o patrimonio inmobiliario popular herdado por tradición secular dos nosos antepasados, froito da elaboración construtiva de oficios artesáns e que nos deixa mostra da sabiduría popular, a tradición e as formas de vida das xentes do campo.


Este amplo patrimonio podemos dividilo para o seu estudo en varios apartados:

– **Patrimonio Privado Monumental**, formado por algúns pazos e castelos de importancia.

Todo este tipo de construcións constitúe o patrimonio inmobiliario popular herdado por tradición secular dos nosos antepasados, froito da elaboración construtiva de



oficios artesáns e que nos deixa mostra da sabiduría popular, a tradición e as formas de vida das xentes do campo.



*Aínda non
estamos suficienten-
mente concienciados
en defender o patrimo-
nio rural arquitectónico,
que ven a ser a expre-
sión feita edificación
do noso feito cultural
diferenciado.*

– **Patrimonio Público Monumental**, como son fortalezas, murallas, castelos e algúns edificios relevantes.

– **Patrimonio de Orixe Relixioso**, formado por mosteiros, santuarios, igrexas, ermidas e casas rectorais.

– **Patrimonio Comunitario Rural**, composto por muiños, fornos, pontes, airas, petos de ánimas, cruceiros, fontes, etc.

– **Patrimonio Privado Rural**, formado pola maioría dos pazos, vivendas rurais e demais construcións complementarias da vida do campesiño.

O estado actual de conservación dos nosos núcleos rurais, grandes ou pequenos, onde se enclavan a maioría das construcións que compoñen o patrimonio privado rural e que son obxecto desta proposta pedagóxica, varía notablemente duns sitios a outros.

Desgraciadamente, predomina unha paisaxe rural alterada, que se foi modificando nestos trinta últimos anos, perdendo a súa identidade natural con novas formas construtivas, emplazadas no corazón dos tradi-



PROPOSTA PEDAGÓXICA: ARQUITECTURA POPULAR

cionais núcleos rurais. Introdúcense materiais novos, que non gardan relación co medio, e volumes desproporcionados e afastados da tipoloxía existente. Este tipo de actuacións propiciará un deterioro irreparable da arquitectura popular tradicional, incrementado polo desprezo que amosamos cara a súa conservación derrubando, en moitos casos, numerosas edificacións singulares.

Este problema ven xerado fundamentalmente pola falla de normativas que regulen a tipoloxía e materiais deste tipo de construcións e tamén pola escasa sensibilidade que amosamos cara o noso patrimonio. Consideramos importante defender a nosa cultura, a nosa literatura, a nosa personalidade como pobo, a nosa lingua, nunha palabra, o noso elemento diferenciador. Mais desgraciadamente aínda non estamos suficientemente concienciados en defender o froito de todo o anteriormente dito como é o patrimonio rural arquitectónico, a

expresión feita edificación do noso feito cultural diferenciado.


A arquitectura rural forma parte da nosa cultura e do noso ser como pobo. Por iso a pesar das evolucións e melloras que sen dúbida se producen no campo da edificación, non podemos derrubar e borrar as pegadas do noso pasado.

Estamos obrigados a correxir no posible estas deficiencias, e tentar aportar desde aquí toda a nosa forza para difundir o patrimonio que aínda temos, axudando a sensibilizar a todos os estamentos e persoas implicadas na súa conservación e mantemento.

Cando escollemos ou dispomos dunha edificación antiga, que pretendemos rehabilitar, debemos ter en conta, e de forma clara, o concepto e o fin a conquistar con esta edificación. Debemos estudar a forma da edificación, antigüidade e historia, que nos dirá,



***En canto estudamos
o hábitat que nos rodea
e a pouco que nos fixemos,
podemos comprobar os
signos de pertenza a unha
cultura, os que son caracte-
rísticos do pobo, e lle dan
personalidade propia.***



As condicións climáticas, a orografía e os costumes populares crearon varias tipoloxías e formas propias de construción.

Están delimitadas en áreas homoxéneas xeográficas, con similares características arquitectónicas.

a nada que nos fixemos, o por que da súa forma construtiva, a súa disposición e orientación, comprendendo o seu funcionamento e a súa distribución. Debemos contemplar o programa de necesidades en concordancia co uso e función que primitivamente tiña o que nos obrigará a encaixar o novo deseño nos ríxidos muros de carga e pechamento existentes así como a buscar alternativas con reformas e modificacións dalgúns elementos construtivos co fin de adaptar o edificio ás novas esixencias.

Unha vez estudada a casa a rehabilitar, debemos diferenciar nela o importante do accesorio ou decorativo. Por iso, **os elementos construtivos** que compoñen a edificación **pódense catalogar en tres grupos diferenciados** en función da súa importancia

Elementos fundamentais: aqueles que non se poden tocar baixo pena de desnatu-

ralizar as características fundamentais.

- A forma do volume xeral.
- O tipo de cuberta e a súa pendente.
- A disposición e tamaño dos ocos de fachadas, corredores e galerías.
- A composición construtiva e revestimento dos muros.
- Algunhas chimeneas relevantes.

Elementos interesantes: son aqueles nos que a súa modificación debe realizarse con precaución, a fin de non alterar ou perder parte do valor histórico da casa.

- A forma das xanelas e verxas.
- A distribución interior dalgúns estancias singulares como galerías, cociñas ou salas.
- As chimeneas.
- As varandas e balconadas.

Por último atoparemos os **elementos accesorios** que non definen a edificación, e por tanto poden modificarse con total liberdade.



Os materiais que posúe a primitiva edificación, a súa calidade e a súa composición, condicionaranos a mantelos na medida do posible ou a substituílos por outros máis modernos pero que non interfiran de modo destacado no aspecto xeral da edificación a rehabilitar.

Non debemos esquecer os arredores e construcións auxiliares existentes, cuxa modificación será máis destacada trocando o uso das cortes e espazos que agora non teñen razón de ser, por outro tipo de estancias, tentando deixar no posible, as pegadas do seu primitivo uso.

Todas estas consideracións son premisas obrigadas á hora de nos enfrentar á rehabilitación dun edificio, ben sexa pazo ou casa de labranza, independentemente de que teña maior ou menor relevancia.

Rehabilitar supón volver a habitar, volver a dar o uso a un edificio que co paso do tempo perdera. Supón sempre unha conservación máis ou menos acentuada na que debemos deixar constancia dos elementos fundamentais que compoñen a edificación, da súa función e dos seus sinais de identidade.

Por iso é fundamental e necesario ter en conta a historia, os materiais empregados, o sistema de construción, etc. En canto estudamos o hábitat que nos rodea e a pouco que nos fixemos, poderemos comprobar os signos de pertenza a unha cultura, os que son característicos do pobo, e lle dan personalidade propia.

Pequenos detalles fan que a arquitectura popular varíe dunhas zonas a

outras e isto débese cuidar. En Galicia, como en tantos outros lugares, as condicións climáticas, a orografía e os costumes populares crearon varias tipoloxías e formas propias de construción. Están delimitadas en áreas homoxéneas xeográficas, con similares características arquitectónicas. Así, débese estudar a tipoloxía na zona, a forma e construción dos vós, corredores, galerías, balcóns, escaleiras ou cubertas.

Igualmente se pode establecer unha normativa máis ou menos ríxida que condicione o tipo de materiais a introducir na rehabilitación co fin de harmonizar cos existentes. Debemos ter moi claro que a identidade propia do feito construtivo non se pode alterar nen perder con ningún tipo de intervención ou rehabilitación. Porque a identidade construtiva forma parte da cultura, da tradición e da forma de ser das xentes e calquera alteración desta identidade tipolóxica ou formal supón unha perda irreparable e un olvido da nosa historia. Alabamos a forma na que os pobos estranxeiros, sobre todo do centro de Europa, souberon conservar as construcións rurais, incluso en lugares afectados polas guerras mundiais, reconstruíndo, rehabilitando, dando nova vida e destacando as peculiaridades da súa arquitectura, de tal xeito que hoxe son un exemplo a seguir e en moitos casos conforman núcleos de gran atractivo turístico.

Os nosos pazos, inmortalizados literariamente por Valle-Inclán e Torrente Ballester, forman parte inseparable da paisaxe galega. As nosas casas grandes ou pequenas casas de aldea, teñan ou non nas súas fachadas escudos de armas e linaxe, son



A identidade construtiva forma parte da cultura, da tradición e da forma de ser das xentes e calquera alteración desta identidade tipolóxica ou formal supón unha perda irreparable e un olvido da nosa historia.

un anaco do noso acervo cultural. É obrigación nosa conservalos e contribuír deste xeito a non se perdan irremediabilmente.

Poderán realizarse rehabilitacións con formas construtivas diferentes a todo o dito, con materiais e técnicas novas por profesionais especializados que sexan capaces de harmonizar e conxugar a beleza do vello coa lixeireza do novo, pero de ningún xeito a rehabilitación pode quedar a

expensas de criterios vanais ou sen consistencia, coa teoría de que por ser feito con materiais actuais é mellor, xa que iso nos levaría a destruír e alterar o noso patrimonio rural e perder para sempre os nosos sinais de identidade. ■



Raigame